

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Tomando como punto de partida o Proxecto Lingüístico elaborado o curso pasado en cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e tendo en conta as modificacións pertinentes sacadas da valoración do mesmo ,elabórase este novo documento que tenta recoller as achegas de todo o claustro ao través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as modificacións oportunas, para acadar unha mellora en aqueles aspectos que non foran valorados positivamente, ou non acadasen o nivel de efectividade desexado.

a) ***Distribución do currículo:***

Despois dunha valoración positiva, por parte do profesorado implicado mantéñense as dúas liñas de Ensino Infantil, unha en galego e outra en castelán. Reseñar que como no curso pasado, na liña de castelán, faise uso do castelán como lingua vehicular, pero non se esquece o uso do galego e a tradución de toda a terminoloxía.

En Ensino Primario as linguas que se deben impartir obrigatoriamente en galego, e que de feito son impartidas, son as áreas de:

- matemáticas,
- coñecemento do medio natural, social e cultural
- educación para a cidadanía e dereitos humanos (aínda non implantada)
- lingua Galega

A maiores destas, no noso centro estanse a impartir tamén en galego as clases de educación plástica, música, informática e de educación física. Tamén queremos sinalar que aínda que o idioma que se emprega con normalidade no ensino das clases de Lingua Estranxeira (Inglés) é precisamente o inglés, cando o mestre, por algunha razón, ten que facer uso doutra lingua na clase (unha explicación, un aviso...) faino en Galego.

b) Medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico no que afecta o fomento de plurilingüismo contamos con:

Profesorado de inmigración:

Como o ano pasado neste curso seguimos sen contar coa figura específica de profesor de apoio á inmigración, que se integra dentro do equipo de profesorado de pedagogía terapéutica.

Como as necesidades do centro non teñen variado con respecto ao curso pasado, só atende a alumnos/as estranxeiros/as que non coñecen ningunha das linguas da comunidade, e o traballo que nela se realiza é de aprendizaxe e afianzamento da lingua castelá.

Unha vez máis, reiteramos o positivo que sería contar con suficientes recursos humanos como para compensar a deficiente competencia en Lingua Galega

que amosan os/as alumnos/as que proveñen doutras comunidades españolas ou de países latinoamericanos que descoñecen o Galego, aos que non se lles pode ofertar ningunha medida compensatoria para suplir esta carencia.

Seguimos coa figura do **profesor de Lingua Portuguesa** que presta apoios excepcionais ao alumnado recén chegado dende Portugal ou Brasil. O seu labor consiste fundamentalmente no reforzo dos contidos traballados nas distintas áreas e que por mor do escaso dominio do castelán e/ou galego, non son quen de adquirir.

Resulta curioso e non sabemos a que se debe o fenómeno, pero a pesares do achegado do galego e o portugués, prodúcense moitas dificultades nestes alumnos/as para se incorporar á fala.

b) Criterios empregados para determinar a lingua predominante do contorno suxerimos:

Os criterios empregados están reflectidos no Proxecto Socio Lingüístico de Centro, elaborado no curso pasado e ao que remitimos para a súa consulta.

c) Medidas para mellorar a competencia lingüística do alumnado:

As actividades propostas no proxecto, son as que se pretenden desenvolver este curso para conseguir que os alumnos/as revaloricen o uso do galego na súa linguaxe oral,. moitas delas véñense desenvolvendo cada curso, dende fai varios anos, e outras, tentamos darlle un novo pulo pola importancia e a influencia que no noso obxectivo final poden ter. Potenciar nos nosos alumnos/aso uso do Galego en todos os ámbitos.

Relación de actividades:

1. “Todos os martes conto”

Actividade de animación á lectura realizada todos os martes. A saída do colexio, os nenos/as de Educación Infantil que o desexen, acompañados dos pais, visitan a Biblioteca do Centro co fin de que unha persoa adulta (profesorado voluntario, pais/nais, avós...) lles narre un conto.

Esta actividade ten sido aproveitada como motivación para os alumnos/as que están nun nivel lector avanzado, de xeito que eles mesmos poidan participar na narración dos contos para os máis pequenos. Constatándose como unha experiencia positiva

Con posterioridade, todos os nenos/as, que queiran, realizan un préstamo de libros da Biblioteca.

2. “Vaille co conto ao profe”

Actividade de dinamización da biblioteca, de fomento da lectura e da expresión oral do alumnado.

Faise nos recreos da mañá (de luns a venres), nos que sempre hai un profesor ou profesora voluntario/a para escoitar os contos que lle queiran contar, ou ler os nenos/as. Habilitouse un currunchito na biblioteca, moi acolledor para que o contacto sexa próximo e produtivo.

3. “En busca do tesouro”

Actividade de animación á lectura realizada na “Semana das Letras Galegas” polo profesorado do centro que actúa como contacontos. O alumnado vai rotando polos diversos contos que dramatizan os profesores/as en distintos espazos. Todos os contos manteñen un fío condutor común que varía cada ano.

4. “A Olimpíada do Saber”

Actividade de animación á lectura e de instrución do alumnado como usuario da biblioteca. Concurso no que os nenos/as deben adiviñar as respostas a diversas preguntas realizadas polo profesorado.

O grao de dificultade delas vai diminuindo ao longo da semana xa que cada día vaise dando unha nova pista que facilita atopar a resposta, e ao mesmo tempo diminúe a posibilidade de obter todos os puntos.

Nesta actividade preténdese que poñan en practica os seus coñecementos, o seu enxeño e o traballo das estratexias dun bo usuario da biblioteca (consulta de libros, enciclopedias). Propiciando a posibilidade de facer uso das capacidades aprendidas durante a súa escolarización, e ao mesmo tempo entrenando estas mesmas capacidades nun proceso no que os/as alumnas/os aprenden a aprender.

A rivalidade que podería ir implícita polo concurso téntase de contrarrestar co feito de que esta é unha actividade para realizar en equipas. Lévese a cabo durante todo o curso.

5. Elaboración do boletín da Biblioteca “O barquiño de papel”.

Unha vez cada trimestre editase un boletín desta publicación.

Nel trátanse temas propios das datas nas que se publican, nun intento de informar e formar, aos alumnos/as e aos pais/nais, dos temas de actualidade ou tradicionais de actualidade.

Nel Tamén aparecen consellos sobre as obras que poden ler en torno a diversos temas: O Samaín, O Nadal... Servindo deste xeito como medio para motivalos á lectura de novos libros.

Como todos os espazos de comunicación impresos ou dixitais do centro, está aberto a colaboración dos pais/ nais, nenos/as e demais persoas da comunidade educativa.

6. Realización de diversas actividades complementarias, como motivación e reforzo da programación curricular.

Moitas delas están incardinadas dentro do contorno sociocultural do centro e outras tentan de ampliar o mesmo. Entre elas podemos destacar: visitas ó concello, visitas a fábricas da zona, visitas ao Punto Limpo, á depuradora, a Sequeiros de castañas, central hidroeléctrica, CEDIE; louseira, Centro Comarcal, á Biblioteca municipal,... Estas actividades están distribuídas ao longo do curso e están fixadas para cada ciclo, de xeito que cando os alumnos/as acaben a súa escolaridade no centro, coñezan os puntos máis importantes da súa bisbarra.

De xeito puntual fanse visitas a outros centros co gallo de participar de actividades deseñadas por estes, como poden ser, exposicións de cogomelos, fotografías do contorno...

7. Elaboración dos “Cadernos Informativos de pais e nais” do Comedor Escolar.

Neles se envía o menú de todo o mes e información fundamental sobre nutrición e saúde, avalada polo servizo de pediatría do Centro de Saúde. Dáselle o boletín a todos os comensais.

Dende o pasado curso cólgase na páxina web do colexio.

8. Edición dun novo número da revista escolar “Trágame Terra” co gallo das Letras Galegas.

Cada ano nestas datas imprímese un novo exemplar que recolle, entre outros, un artigo onde se fai unha biografía adaptada do escritor ou escritora homenaxeado/a

Fáiselle entrega dun exemplar a todo o alumnado e ao profesorado. Ten unha tirada duns 500 exemplares.

Aberta á colaboración de todos os membros da comunidade educativa, e artellada na súa meirande parte coas aportacións dos alumnos e alumnas do centro.

9. Realización da Semana Cultural das Letras Galegas con diversas actividades:

• Exposicións

- Exposición de **carteis**, plastificados en formato DIN A4 e cor.

Expoñeranse os traballos feitos polos alumnos/as do centro para o concurso da portada da revista “Trágame terra”, publicada na Semana das Letras.

- Exposición polos corredores do colexio da obra do escritor/a homenaxeado/a ou doutras temáticas.

* Hai que subliñar que, para todas as exposicións, se editarán cuestionarios co fin de que a visita á mesma sexa produtiva a nivel de adquisición de coñecementos e non un mero paseo.

- **Festival** no salón de actos con obras de teatro realizadas polo alumnado. Participación no certame de teatro convocado polo concello .
- **Xogos populares** realizados no patio. Lévanse a cabo nun circuíto con diversos xogos (triquel, a ra, a chave, baile tradicional galego...) polo que van rotando os distintos alumnos/as.
- A **música** forma parte tamén da festa, durante toda a semana achégase aos nenos/as ao coñecemento da música que se fai na súa Comunidade. Ademais hai unha actuación do **Coro do colexio**, que interpreta diversas pezas da nosa cultura popular.
- **Visionado dalgunha película con dobraxe en galego e de vídeos e DVDs** sobre a figura do homenaxeado/a do curso ou doutras temáticas.
- **A árbore das palabras.**

Tamén como conmemoración do Día das Letras Galegas, organizarase unha actividade por ciclos, na que cada alumno/a traerá unha flor e unha folla para pegar nunha árbore xigante con palabras escritas en galego e que quedarán visibles unha vez rematado o collage.

- **Aprender bailes tradicionais galegos.**

Dentro do programa de dinamización da lingua e cultura galegas, propónse no 2º ciclo a elaboración e práctica de distintos bailes tradicionais galegos, co fin de que o proxecto se prolongue ao longo de toda a E. Primaria.

A temporalización será dende o día 8 de xaneiro ata o 17 de maio, unha vez á semana e preferiblemente durante a hora de Lingua Galega, contando coa colaboración de pais/nais para a elaboración dos traxes tradicionais:

O programa estaría formado polas seguintes pezas:

- LÚA ARREGOADA.
- MUIÑEIRA DO OUTEIRO.
- MUIÑEIRA.
- REDONDA DE BANDE.
- DANZA MEDIEVAL GALEGA.

10. Programa de radio.

Nos últimos anos o ENDL tiña centrado os seus esforzos en fomentar o *uso oral* do idioma. Decatámonos do paradoxo de ter uns alumnos/as de entorno galego falante, cun dominio escrito do idioma aceptable, pero que non facían, cando menos no ámbito escolar, un uso habitual da lingua. Neste sentido de fomentar a oralidade naceu a iniciativa da realización de programas de radio.

Os programas de radio inicialmente realizábanse para emitirse no patio do recreo, e logo pasaron a se emitir, en festas e celebracións escolares, pola megafonía interna do colexio en horario de clases.

A falla de material axeitado para gravación resta calidade de son, e a escaseza, sempre real, de tempo para a súa realización.

Neste curso consideramos prioritario darlle un novo pulo a esta iniciativa, tentando conseguir material de gravación de calidade e reservando un tempo quincenal para a audición dentro das sesións lectivas distinto do recreo.

11. "O Autobús da Lingua".

Actividade consistente na visita a un pobo da nosa bisbarra para estudar a súa forma de vida, os tipos de vivenda, os monumentos máis interesantes (mosteiros, igrexas, pazos, muíños, ferrerías, ...), utensilios e apeiros de labranza. Ademais os nenos/as recollerán, mediante entrevistas a persoas maiores, todo o material que lles sexa posible sobre contos, lendas, trabalinguas, adiviñas, cantares... Esta actividade realizarase previsiblemente no primeiro trimestre.

12. Obras de teatro.

Tamén esta é outra das actividades que normalmente se veñen desenvolvendo no plano de fomentar a oralidade do idioma entre o alumnado, e que coidamos debe seguir sendo un elo importante no campo normalizador e dinamizador do noso idioma no colexio. As representacións teatrais estimulan moitísimo aos rapaces de rapazas que as interpretan así como ao resto dos compañeiros/as que acoden ás súas representacións. Ben é certo que o traballo de montaxe, escenografía, ensaios... resulta ás veces agonizante, sobre todo se queda exclusivamente a cargo de un ou dous mestres, polo que sería desexable que cando se acometa un proxecto deste tipo que sexa un equipo de mestres os que traballen dividíndose a realización da actividade.

Coidamos que non só o ensaio, senón a preparación da tremoia, vestiario, etc. son espazos e momentos nos que se debe coidar a presenza do idioma entre o alumnado.

13. Lectura dramatizada e recitado de poesía:

De menor custe en traballo e infraestruturas cás montaxes teatrais, pero aínda así de grande interese, é a lectura dramática de textos en galego. Esta actividade pódese desenvolver no marco das aulas de galego, plástica e/ou coñecemento (recreando por exemplo escenas históricas), e ser realizadas na propia aula ou mesmo representada diante doutras clases do centro.

No terceiro ciclo vense realizando unha actividade de memorización de poemas de autores da literatura clásica galega co fin de dar a coñecer estes autores e a súa obra, con moi boa acollida por parte dos alumnos/as.

Con posterioridade lévase a cabo unha sesión de recitado dos mesmos para todo o centro ambientadas con música, proxección de imaxes, dramatizacións...

14. Actividades complementarias en galego.

As actividades complementarias e extra-escolares, xa que son realizadas por persoas alleas ao ENDL ou ao claustro de mestres, moitas veces descoidan a utilización do galego, e mesmo, cunha actitude claramente diglósica realízanse en castelán. Dende o colexio, por medio do coordinador de actividades complementarias, insistírase na realización destas actividades en galego, a poder ser, e mesmo seleccionar, dentro do abano que se ofrecen, aquelas que teñan un carácter normalizador do idioma.

15. Fomentar entre o profesorado a elaboración e/ou tradución de paquetes clic en galego.

Dende hai xa bastantes anos e na clase de informática véñense usando como material didáctico paquetes de actividades clic. Moitos deles están en galego, pero sería bo acometer a realización de paquetes novos, naqueles temas ou aspectos que non existan recursos na rede, e a tradución daqueles outros realizados noutras linguas do estado e que vexamos que teñen interese educativo.

16. Facer concurso literarios con motivo do magosto, Nadal, o Entroido...

Moitas veces participamos en concursos a nivel estatal, galego ou mesmo provincial, polo aliciente motivador que supoñen. Nembargante este mesmo carácter distante do concurso dificulta un seguimento do mesmo, saber cómo quedamos situados nel, ou mesmo percibir os premios como algo real, co que, ao cabo, poden chegar a resultar frustrantes.

Para paliarlo, dentro do centro propónse a realización dalgúns concursos (A portada da revista, de postais de Nadal, de slogans motivadores para o uso do galego...), co que se gaña en achegamento aos alumnos/as e en motivación para a participación.

17. Tradución de materiais de avaliación psicolóxica e lingüística utilizados polo departamento de orientación.

Como xa se comentou a carencia de materiais en galego faise máis aguda en determinadas áreas como as TICs e o campo da psicoloxía, nomeadamente os tests. Como consecuencia a avaliación das capacidades lingüísticas do alumnado son difíciles de determinar sen axuda dun material especializado. Por iso, dende o departamento de orientación apúntase a necesidade de acometer o proceso de tradución e adecuación destes tests ao galego.

18. Recollida de materiais de tradición oral entre as familias dos alumnos/as e posteriormente traballalos na clase para usalos como centro de interese para as distintas materias.

Este tipo de actividades resultan especialmente atractivas e motivadoras para o alumnado, como xa se ten demostrado en ocasións anteriores nas que se puxeron en práctica. O traballo de recollida achega as familias á escola e revive o espazo de transmisión cultural que, ata o de agora, foi o encargado do paso do galego de xeración en xeración. Valoralo dende a escola é, sen dúbida, un paso moi importante para que o alumnado tamén o valore.

19. Exercitar a tradución do galego de textos poéticos e narrativos en castelán e viceversa.

Xa que queremos contar cun alumnado competente nos dous idiomas da comunidade, o vertido de pequenas obras literarias dunha lingua a outra pode axudar a este obxectivo.

Esta é unha actividade levada a cabo por alumnos/as de diferentes etapas educativas que traducen, acomodando xiros e expresións, de obras poéticas de poetas infantís consolidados, sobre todo do Castelán ao Galego.

Ante a insistente preocupación por conseguir mellorar a expresión oral dos nenos/as equiparándoa á escrita así como da recuperación de tradicións, xorden iniciativas nas diferentes aulas de distinta índole

20. O corro é galego

No primeiro ciclo, onde a expresión oral ten un tempo sistematizado dentro da xornada escolar, empréganse consignas como “ *o corro é galego*” nun intento de potenciar o seu uso oral.

Do mesmo xeito, o repaso de fonemas serve como desculpa para inventar contos coa colaboración de todos/as a partir de palabras, co fonema repasado, aportadas polo encargado do día. Co devir do curso e, unha vez adquiridas as competencias en lingua escrita necesarias, estes contos converteranse en producións individuais con palabras propostas pola asemblea.

21. XIII Convivencia de E. Infantil

O ciclo de E. Infantil ven participando na xornada de Convivencia, que este ano está na súa XIII edición. É unha iniciativa dirixida a alumnos/as de ensino infantil e a escolas unitarias, cuxos obxectivos prioritarios son os de coñecer a cultura tradicional galega, tratadas dende diferentes temáticas, unha cada curso e compensar o desigual nivel de oportunidade que ofrece para unha

aprendizaxe global pertencer a un ámbito rural ou urbano, suplindo con esta actividade as carencias dunha e doutra.

Os coordinadores constitúense nun seminario permanente que elabora materiais e organiza a xornada.

22.Clubs de lectura

Dende o curso pasado contamos cuns clubs de lectura que si ben nun primeiro momento busca so animar a ler, a motivación dalgúns mestres e mestras fai que a meirande parte das lecturas escollidas sexan en Galego.

23.Lectura silenciosa

Como novidade, este curso contamos cunha minisesión de lectura silenciosa para todo o centro e a mesma hora (dez minutos ao entrar. Como os clubs non é especificamente en galego, pero si que, unha vez máis, a orientación do profesorado os encamiña a escoller un libro en galego cada certo número de exemplares lidos, no caso de que os/as alumnos/as non o fixeran de xeito espontáneo.

24.A implicación do profesorado

A implicación do profesorado no fomento do uso do Galego no centro queda patente, non só pola súa colaboración nas distintas actividades deseñadas dende o equipo de Normalización Lingüística, senón tamén na súa participación en proxectos de formación como a constitución da Coordinadora de escolas que desexen implantar o uso do galego como lingua vehicular neste ciclo, iniciativa proposta a nivel provincial e aínda en fase de xestación.

Suliñar que os datos obtidos sobre a situación lingüística do centro ben sacado da elaboración do PLAN SOCIOLINGÜÍSTICO do CENTRO elaborado o curso pasado e que cumpre coas nosas expectativas de contar cunha ferramenta de planificación necesaria para incidir nos aspectos decisivos no proceso normalizador do idioma. O labor do equipo de normalización será o de ir propoñendo distintos aspectos para a súa discusión polo claustro e a comunidade escolar, co fin de acadar un documento de consenso que impulse dunha vez por todas o proceso normalizador.

Por último o ENDL para se axustar ao novo ordenamento precisa do nomeamento do novo membro representante do persoal laboral do centro, xa que non se inclúe ao alumnado dada a pouca idade na etapa de primaria. Para este nomeamento os actuais membros do equipo farán unha campaña explicativa das funcións entre o persoal non docente do centro e animarán a estes a que elixan un representante para o equipo.